

Convocatoria Bolsas Municipais Comedor curso 2023/2024

28 de xuño de 2023

Hoxe 28 de xuño de 2023 publicouse no enderezo web do taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, unha rectificación das listaxes de emenda das solicitudes presentadas á convocatoria para a concesión de bolsas municipais para o pago de comedores escolares no curso escolar 2023/2024. Pódense consultar en:

- Taboleiro de edictos

<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=view&id=18006>

A listaxe cos requirimentos de emenda de documentación, identificarán as solicitudes atendendo ao **número de expediente asignado** e se referirá á acreditación do cumprimento de requisitos do apartado 6 e documentación do apartado 10 da convocatoria (en caso de non atender a este requirimento ou non facelo adecuadamente SI terase por desistida a solicitude); así como da corrección da documentación xustificativa doutras circunstancias a valorar distintas da situación económica da unidade familiar do apartado 11 (en caso de non atender a este requirimento ou non facelo adecuadamente NON se terá por desistida a petición).

Amplíase o prazo para a presentación da documentación requirida ata **o 12 de xullo, incluído**, e poderá presentarse, previa cita (010, citaprevia.coruna.gal), nos rexistros municipais (Praza de María Pita, Fórum Metropolitano, Centro Ágora, Franxa e do CCM Mesoiro), no rexistro telemático da sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gob.es>) así como en calquera outro dos previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Atentamente,

Bolsa Comedor